

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 602/2009, DO 29 DE SETEMBRO.**

Mediante Resolución de Alcaldía nº 505/2009 do 17 de agosto foi convocado un proceso selectivo para a provisión, con carácter temporal, dunha praza de orientador laboral do Concello de Cabana de Bergantiños, por un período ata o 30 de outubro de 2009 e cunhas retribucións de 1.811,64 euros brutos/mes, incluída a parte proporcional da paga extra que lles corresponda.

Con data de 19 de agosto de 2009, o anuncio da convocatoria foi publicado no xornal "La Voz de Galicia".

Transcorrido o prazo de 5 días naturais para a presentación de instancias, mediante resolución de Alcaldía nº 523/2009 de 25 de agosto procedeuse a aprobar a lista definitiva de admitidos e ao nomeamento do tribunal de selección.

Reunido o tribunal o día 27 de agosto de 2009, procedeuse a valorar a entrevista persoal de carácter curricular así como os méritos alegados todo isto de conformidade co baremo establecido nas bases de selección.

A vista do anterior o Tribunal de selección propón que se proceda á contratación de D<sup>a</sup>. Laura Fernández González, quedando o resto de aspirantes como suplentes no caso de posibles renuncias ou vacantes, dacordo ca orde de puntuación obtida.

Previamente a obter a conformidade por parte do Servizo de Formación e Colocación da aspirante preseleccionada, Dna. Laura Fernández González, ésta presenta a súa renuncia á praza.

Logo de obter a conformidade do Servizo de Formación e Colocación para a contratación da segunda aspirante preseleccionada, Dna. Vanessa Andrade Lema, dacordo ca acta de selección 14/09 de data 28 de setembro, concédese un prazo de 3 días hábiles á aspirante preseleccionada para que presente a documentación esixida nas bases de selección.

Visto que a aspirante, presentou en tempo e forma a documentación esixida pola base decima das bases aprobadas por resolución de Alcaldía nº 505/2009, do 17 de agosto, en base ás competencias que me atribúe o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local,

### **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Nomear a D<sup>a</sup>. M. Vanessa Andrade Lema con D.N.I nº 79.333.442-W para o posto de orientadora laboral do Concello de Cabana de Bergantiños, ata o 30 de outubro de 2009, a xornada completa e cunha retribución mensual de 1.811,64 euros brutos, incluída a parte proporcional da paga extra que lles corresponda

**SEGUNDO:** Os restantes aspirantes quedarán como reservas nos casos de vacante ou renuncia ao posto da nomeada e pola orde da puntuación obtida no procedemento de selección.

**TERCEIRO.-** Sen perxuízo da súa designación no día de hoxe os traballadores nomeados comezarán a prestar os seus servizos, na data que se determine no seu contrato.

